



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Novembro 2020

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2021


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Novembro 2020

- O indicador de actividade no sector servizos rexista no mes de novembro en Galicia unha caída do 15,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 3,6 puntos inferior á do mes de outubro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 12,6%, taxa 1,4 puntos superior á do mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 18,2% e nos Outros servizos o 5,6%.
- En todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios no mes de novembro.
- O persoal ocupado no sector servizos rexista un descenso do 3,1% en Galicia e do 5,0% en España respecto do mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado no mes de novembro.

Indicador de actividade do sector servizos. Novembro 2020

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos seus compoñentes en %




	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	107,1	-15,0	-14,1
Venta e reparación de vehículos de motor	98,8	-4,4	-15,7
Comercio por xunto	101,4	-24,5	-19,9
Comercio ao retallo	106,9	-2,9	-4,1
Transporte	161,3	13,1	11,2
Hostalería	34,3	-66,3	-47,0
Información e comunicacións	115,5	3,3	1,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	121,9	-2,8	-2,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,9	-15,8	-31,5

1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de novembro en Galicia un descenso do 15,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 3,6 puntos á do mes de outubro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 12,6%, rexistro 1,4 puntos superior ao do mes anterior.



O descenso da cifra de negocios en Galicia débese principalmente ao *Comercio*, que cun descenso do 18,2%, resta 13,6 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 5,6% e restan 1,4 puntos á taxa de variación do índice xeral. En España a facturación no *Comercio* diminúe o 9,4% e nos *Outros servizos* o 18,6%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe a súa facturación o 24,5%, co que resta 12,8 puntos á taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe un 4,4% e o *Comercio ao retalho* un 2,9%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 9,8%, a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 12,7% e o *Comercio ao retalho* o 7,3%.

Os *Outros servizos* reducen a cifra de negocios en Galicia o 5,6%. As maiores caídas rexístranse na *Hostalería*, -66,3%, co que resta 2,5 puntos á taxa de variación do índice xeral, e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, -15,8%, co que restan 0,5 puntos. En senso contrario, o *Transporte* rexistra o maior incremento, 13,1%, e achega 1,5 puntos á taxa de variación do índice xeral; o sector de *Información e comunicacións* tamén incrementa a súa facturación en novembro, 3,3%.

En España, os *Outros servizos* diminúen o 18,6%. Todos os sectores rexistran taxas negativas, producíndose as maiores caídas en *Hostalería* (-59,7%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-28,5%).

Nos once primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 14,1% en Galicia e un 16,2% no conxunto do Estado. O *Comercio* diminúe un 16,0% en Galicia e un 12,6% en España. Nos *Outros servizos* redúcese a facturación en Galicia un 8,2% e en España un 22,9%.

Hostalería e Actividades administrativas e servizos auxiliares son os sectores con maiores caídas no que vai de ano tanto en Galicia como no conxunto de España.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice diminúe o 17,7% no mes de novembro. O sector que máis contribúe a este descenso é a *Hostalería* que, cunha taxa do -66,3%, resta 13,3 puntos.

Dous sectores rexistran taxas positivas: *Transporte* (8,3%) e *Información e comunicacións* (3,2%).


No acumulado do ano, o índice diminúe un 16,2%. A maior caída dáse na *Hostalería* (-47,0%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 16,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 18,7%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de novembro en todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

As maiores caídas rexístranse en Canarias (-31,1%) e Illes Balears (-25,0%) mentres que os menores descensos prodúcense en Murcia (-1,8%) e Extremadura (-3,7%).

No que vai de ano, as maiores caídas prodúcense en Illes Balears (-38,7%) e Canarias (-30,2%). Os menores descensos rexístranse en Murcia (-2,6%) e Extremadura (-5,8%).

Índices de cifra de negocios. Novembro 2020

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado diminúe en Galicia un 3,1% respecto ao mes de novembro de 2019, 1,9 puntos menos que en España (-5,0%).

A ocupación diminúe un 1,4% no *Comercio* e un 4,3% nos *Outros servizos*. En España o persoal ocupado diminúe no *Comercio* un 2,7% e nos *Outros servizos* un 6,4%. A maior caída rexístrase na *Hostalería*, cunha taxa de -17,3% tanto en Galicia como en España.

No que vai de ano, o persoal ocupado redúcese un 3,5% en Galicia e un 4,3% no conxunto do Estado.



2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


En todas as comunidades autónomas diminúe o emprego no sector servizos no mes de novembro con respecto ao mesmo mes do ano 2019.

Os maiores descenso danse en Illes Balears (-14,0%) e Canarias (-10,7%). As comunidades onde menos cae a ocupación son Murcia (-1,9%) e Castilla-La Mancha (2,0%).

No que vai de ano, o maior descenso dáse en Illes Balears (-15,0%) mentres que Murcia é a comunidade con menor perda de emprego (-1,4%).

Índices de persoal ocupado. Novembro 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Novembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	107,1	-15,0	-14,1
Comercio	102,8	-18,2	-16,0
Venta e reparación de vehículos de motor	98,8	-4,4	-15,7
Comercio por xunto	101,4	-24,5	-19,9
Comercio ao retalho	106,9	-2,9	-4,1
Outros servizos	119,6	-5,6	-8,2
Transporte	161,3	13,1	11,2
Hostalería	34,3	-66,3	-47,0
Información e comunicacións	115,5	3,3	1,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	121,9	-2,8	-2,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,9	-15,8	-31,5
España			
Xeral	106,4	-12,6	-16,2
Comercio	111,1	-9,4	-12,6
Venta e reparación de vehículos de motor	120,8	-12,7	-20,7
Comercio por xunto	112,5	-9,8	-13,0
Comercio ao retalho	105,0	-7,3	-8,6
Outros servizos	97,7	-18,6	-22,9
Transporte	102,1	-14,6	-20,0
Hostalería	41,5	-59,7	-51,3
Información e comunicacións	111,8	-4,4	-8,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	134,6	-4,1	-11,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	83,8	-28,5	-31,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Novembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	101,0	-17,7	-16,2
Comercio	104,7	-13,3	-13,5
Transporte	170,0	8,3	5,7
Hostalería	35,0	-66,3	-47,0
Información e comunicacións	115,6	3,2	2,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	114,9	-5,4	-1,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	135,8	-0,9	-14,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Novembro 2020**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	106,4	-12,6	-16,2
Andalucía	101,3	-13,9	-14,1
Aragón	111,8	-8,8	-11,8
Asturias	98,1	-15,1	-12,5
Balears, Illes	70,0	-25,0	-38,7
Canarias	83,5	-31,1	-30,2
Cantabria	114,1	-8,3	-12,0
Castilla y León	102,5	-9,7	-11,2
Castilla-La Mancha	118,0	-5,3	-10,5
Cataluña	104,4	-11,7	-16,4
Comunitat Valenciana	113,9	-5,7	-11,8
Extremadura	118,6	-3,7	-5,8
GALICIA	107,1	-15,0	-14,1
Madrid	110,8	-14,1	-18,9
Murcia	118,5	-1,8	-2,6
Navarra	111,3	-8,6	-10,8
País Vasco	111,2	-10,4	-13,1
Rioja, La	118,9	-6,0	-10,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Novembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	105,0	-3,1	-3,5
Comercio	107,4	-1,4	-0,9
Venta e reparación de vehículos de motor	96,9	-3,4	-2,8
Comercio por xunto	121,3	0,4	0,2
Comercio ao retallo	101,5	-2,3	-1,3
Outros servizos	103,1	-4,3	-5,5
Transporte	103,9	-2,9	-4,0
Hostalería	85,2	-17,3	-13,1
Información e comunicacións	111,4	2,8	1,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,2	0,3	-0,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,2	3,8	-3,5
España			
Xeral	103,8	-5,0	-4,3
Comercio	105,2	-2,7	-1,9
Venta e reparación de vehículos de motor	103,9	-3,7	-2,8
Comercio por xunto	111,0	-1,2	-1,0
Comercio ao retallo	101,7	-3,5	-2,3
Outros servizos	102,9	-6,4	-5,8
Transporte	106,6	-2,8	-3,0
Hostalería	86,5	-17,3	-12,9
Información e comunicacións	110,7	-0,5	-0,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,9	-2,0	-1,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,4	-3,5	-5,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Novembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIONS (%)	
		INTERAN UAL	NO QUE VAI DE
ESPAÑA	103,8	-5,0	-4,3
Andalucía	100,5	-6,2	-4,8
Aragón	106,2	-4,1	-3,7
Asturias	101,4	-3,7	-3,0
Balears, Illes	86,0	-14,0	-15,0
Canarias	98,5	-10,7	-7,1
Cantabria	103,3	-5,2	-4,7
Castilla y León	100,8	-4,4	-3,9
Castilla-La Mancha	105,1	-2,0	-3,0
Cataluña	105,0	-4,8	-4,3
Comunitat Valenciana	108,8	-3,8	-3,4
Extremadura	102,8	-4,2	-3,8
GALICIA	105,0	-3,1	-3,5
Madrid	105,6	-4,3	-3,3
Murcia	110,8	-1,9	-1,4
Navarra	104,4	-5,7	-4,8
País Vasco	103,0	-3,8	-3,1
Rioja, La	105,4	-4,1	-3,5

Fonte: INE